

## RESUMO INFORMATIVO

<b>Materia</b>	Lingua Galega e Literatura	<b>Departamento</b>	Galego
<b>Docente</b>	Profesoras que imparten clase en 1º ESO		
<b>Curso/Grupo</b>	<b>Ano académico: 2023-2024</b>	1º ESO (A,B,C,D)	
<b>Contidos</b>			
<b>1º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tema 1 (As linguas no mundo): as suxestións e as recomendacións; pautas para a redacción; as categorías gramaticais; as palabras flexivas e non flexivas; casos especiais da pronuncia do galego; a linguaxe literaria; as linguas no mundo; vocabulario.</li> <li>- Tema 2 (O plurilingüismo): a canción; a recensión dun libro ou película; o substantivo e o adxectivo; regras de acentuación; os ditongos, tritongos e hiatos; os xéneros literarios; o plurilingüismo; a lusofonía; vocabulario.</li> <li>- Tema 3 (As variedades da lingua): o discurso; as mensaxes electrónicas; os determinantes; o acento diacrítico; os recursos literarios; as variedades lingüísticas; o recoñecemento da lingua galega; vocabulario.</li> </ul> <p>Revisa e aplica as normas ortográficas e de puntuación para producir textos escritos ben estruturados e con calidade lingüística.</p>		
<b>2º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tema 4 (Lingua e reputación): o intercambio de opinións; a argumentación; os pronomes; uso de b/v; o texto narrativo; os prexuízos lingüísticos; vocabulario.</li> <li>- Tema 5 (A lingua e o medio natural): as narracións orais; a descrición; o verbo; palabras con h ou sen ela; o narrador; o ecolingüismo; vocabulario.</li> <li>- Tema 6 (Viaxemos coa lingua): o recitado; o microrrelato; os adverbios; grupos consonánticos; o xénero lírico; o galego e o turismo; vocabulario.</li> </ul>		
<b>3º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tema 7 (Xoguemos coa lingua): a interpretación teatral; as instrucións; preposicións, conxuncións e interxeccións; sons c-z-qu-s-x e outros; xénero dramático; o galego e o lecer; vocabulario.</li> <li>- Tema 8 (A lingua nos medios): a descrición dun suceso; os textos xornalísticos; o enunciado; os signos de puntuación; uso de r-rr; o cómic; o galego nos medios de comunicación; vocabulario.</li> <li>Tema 9 (Lingua e TIC): o diálogo; o diario; funcións sintácticas; continuar signos de puntuación; a literatura dixital ou ciberliteratura; o galego na rede; vocabulario.</li> <li>- Apéndice de ortografía: revisa e aplica as normas ortográficas e de puntuación para producir textos escritos ben estruturados e con calidade lingüística (toponimia, antroponimia, grupos consonánticos, cohesión, coherencia, castelanismos, vocabulario, contraccións...)</li> </ul>		
<b>Obxectivos</b>			
<p>Os marcados polo Decreto de 15 de setembro de 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que</p>			

no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

### **Metodoloxía**

Recursos:

- Libro de texto E-Dixgal e todos aqueles recursos en papel e dixitais que consideremos necesarios.
- Libros de lectura: 1ª aval. *A nena do vestido de flores*; 2ª aval. *Os megatoxos e o aprendiz de druída*; 3ª aval. *A filla do ladrón de bicicletas*.
- Uso do correo electrónico e a ferramenta de mensaxería que figura dentro de E-dixgal.

### **Proceso de Avaliación Ordinario** (Ferramentas, procedementos, etc.)

1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada unha e integración das mesmas na cualificación trimestral.

- Probas escritas, orais ou no ordenador sobre os contidos: 55%.
  - Libros de lectura: 20%.
  - Tarefas feitas en E-Dixgal: 10%.
  - Caderno de aula: 10%.
  - Produtos e observación (lingua oral, traballo, actitude...): 5%.
- A suma das porcentaxes é a nota de cada unha das tres avaliacións

2. Proceso de recuperación de partes pendentes e cualificación final (avaliación ordinaria) da materia

As avaliacións non superadas poderán ser obxecto de recuperación, previsiblemente no mes de maio. Soamente se poderá recuperar a parte de "Probas escritas ou no ordenador sobre os contidos" (55%), e o libro de lectura (20%); as outras porcentaxes non son recuperables ( as tarefas de E-Dixgal feitas no ordenador (10%), o caderno de aula (10%) e produtos e observación (5%)) e sumaránse á proba anterior.

A cualificación final de xuño será a suma das tres avaliacións dividido entre tres. Hai que ter unha cualificación igual ou superior a 3 puntos en cada unha das tres avaliacións para poder facer a suma.

Se nesa cualificación final non se obtivo a nota de 5 puntos para poder aprobar o curso, farase un exame escrito (proba final) onde entrarán os contidos impartidos ao longo das tres avaliacións. Nesta proba é obrigatorio obter 5 puntos (unha vez aplicado o redondeo) para poder aprobar.

3. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores:

Non hai

### **Proceso de avaliación Extraordinario** (Ferramentas, procedementos, etc.)

Se é igual ca no curso 2022-2023 non hai avaliación extraordinaria neste nivel.

### **Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación**

- Non realizar unha proba (escrita ou oral) de forma inxustificada supón a non superación da materia.
- O plaxio, copia, realización por persoas alleas de tarefas e/ou exames non permite superar a materia
- A non realización dun exame na data fixada obriga a presentar xustificante oficial para poder realizar o mesmo.
- Empregar métodos fraudulentos na realización de probas, permitir que outros copien o seu traballo ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar resultados implicará a obtención automática dun cero (0) na proba correspondente.
- Calquera proba gravemente ilexible ou mal presentada poderá non ser cualificada ou ser rebaixada na nota.
- Redondeos. Cando da suma das notas que integran a cualificación resulte un decimal que sexa 0,8 ou 0,9, asimilárase ó enteiro superior (ex.: 3,8 obterá un 4 na avaliación / 5,9 un 6 / etc.). Considerase superada a avaliación cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.



## RESUMO INFORMATIVO

<b>Materia</b>	Lingua Galega e Literatura	<b>Departamento</b>	Lingua Galega e Literatura
<b>Docente</b>	Ana Ayán Álvarez, Ana María Barral Rodríguez e Elba Baldomir Turnes		
<b>Curso/Grupo</b>	3º ESO	<b>Ano académico</b>	2023/24
<b>Contidos</b>			
<b>1º Trimestre</b>	Temas 1, 2 e 3. Lectura obrigatoria : <i>O corazón de Xúpiter</i> , de Leticia Costas (en 3º D). <i>Nubes de evolución</i> , de Andrea Maceiras (3º A, B e C)		
<b>2º Trimestre</b>	Temas 4, 5 e parte do 6. Lectura obrigatoria: <i>Nubes de evolución</i> de Andrea Maceiras (en 3º D). <i>O corazón de Xúpiter</i> , de Leticia Costas (en 3º A, B e C).		
<b>3º Trimestre</b>	Temas 7, 8, 9 e parte do 6. Lectura obrigatoria: <i>A Virxe do Cristal</i> e <i>Mirando ao chau</i> , de Curros Enríquez.		
<b>Obxectivos</b>			
Os marcados polo Decreto da LOMLOE polos que se establece o currículo da educación secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.			
<b>Metodoloxía</b>			
Establécese na Programación como flexible, integradora, participativa, permanente e competencial. Como recursos: Libros de texto de Anaya ; lecturas de cada avaliación; plataforma de E-Dixgal como canle de comunicación co alumnado e todos aqueles recursos en papel e dixitais que consideremos necesarios.			
<b>Proceso de Avaliación Ordinario</b>			
1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral: -Probas escritas contidos e/ou orais: 70% -Proba libro lectura obrigatorio: 20% -Produtos e Observación: 10 %.			
2. Proceso de recuperación: -O alumnado que non acade o aprobado coa media aritmética das tres avaliacións poderá realizar un exame de recuperación daquelas que teña suspensas. O libro de lectura obrigatoria poderá formar parte da proba se non se superou na avaliación correspondente.			
3. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores. Probas escritas contidos: 90%. Realizarase, polo menos, un exame por avaliación nas datas indicadas pola xefatura de departamento. Tarefas a entregar: 10% A cualificación final será a resultante da media aritmética das tres avaliacións. O alumnado que non acade o aprobado coa media das avaliacións poderá presentarse a un exame final de toda a materia, que terá lugar na data indicada por xefatura de estudos. Considerarase superada a avaliación cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.			
<b>Proceso de avaliación final</b>			
A cualificación final da materia será o resultado da media aritmética das tres avaliacións ou, no caso do alumnado que non aprobouse ningunha avaliación, a cualificación obtida na recuperación final. Aplicarase o redondeo a partir de 0,8.			
<b>Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación</b>			

-Non realizar unha proba (escrita ou oral) de forma inxustificada supón a non superación da materia.  
-O plaxio, copia, realización por persoas alleas de tarefas e/ou exames non permite superar a materia.

*(Extracto da programación do departamento)*

## RESUMO INFORMATIVO

<b>Materia</b>	LINGUA GALEGA E LITERATURA		
<b>Docentes</b>	ANA AYÁN ÁLVAREZ E ÁUREA MARÍA PENAS ROIBÁS		
<b>Curso/Grupo</b>	1º BACHARELATO	<b>Ano académico</b>	2023/24
<b>Contidos (resumo)</b>			
<b>1º Trimestre</b>	4. O substantivo e o adxectivo 5. O pronome persoal 9. O galego antigo e a lírica galega medieval 10. A lírica galega medieval (I) 11. A lírica galega medieval (II)  Libro de lectura: <i>Galván en Saor</i> , Darío Xohán Cabana		
<b>2º Trimestre</b>	1.A comunicación e a linguaxe 2.O texto e a tipoloxía textual 7. O verbo 6. Os artigos e os adxectivos determinantes 12. Dos Séculos Escuros ao Prerrexurdimento  Libro de lectura: <i>O Catecismo do labrego</i> , Valentín Lamas Cavañal, <i>Follas Novas</i> , Rosalía de Castro		
<b>3º Trimestre</b>	3. Lingua e sociedade 8. O adverbio, a preposición e a conxunción 13. O Rexurdimento. Rosalía de Castro 14. Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez 15. A literatura entre dous séculos Libros de lectura: <i>O Divino Sainete</i> de M. Curros Enríquez, <i>Escolmas de Aires da miña terra</i> de M. Curros Enríquez e de <i>Queixumes dos Pinos</i> de Eduardo Pondal.  <i>Nota: Os libros e escolmas da 2ª e 3ª avaliación poderán distribuírse doutro xeito en beneficio do alumnado.</i>		
<b>Obxectivo (resumo)</b>			
Os marcados polo Decreto curricular polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.			
<b>Metodoloxía (resumo)</b>			
Establécese na Programación como flexible, integradora, participativa, permanente e competencial. Como recursos utilizaremos o libro de texto en papel da Editorial Anaya, o libro de lectura de cada avaliación, a Aula Virtual do centro como canle de comunicación co alumnado e todos aqueles recursos en papel e dixitais que consideremos necesarios.			
<b>Proceso de Avaliación Ordinario</b> (Ferramentas, procedementos, etc.)			
Proba escrita: 70% Libros de lectura: 20% Produtos e observación: 10%			

### **Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación**

- O alumno que non realice un exame na data fixada deberá presentar xustificante oficial para poder realizar o mesmo.
- Empregar métodos fraudulentos na realización de probas, permitir que outros copien o seu traballo ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar resultados implicará a obtención automática dun cero (0) na proba correspondente.
- Calquera proba gravemente ilexible ou mal presentada poderá non ser cualificada ou ser rebaixada na nota
- Redondeos. Cando da suma das notas que integran a cualificación resulte un decimal que sexa 0,8 ou 0,9 asimilarse ao enteiro superior (Ex.: 3,8 obterá un 4 na avaliación, 5,9 un 6, etc.)

**Considerase superada a avaliación cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. Os alumnos que obteñan unha cualificación inferior terán a posibilidade de realizar unha proba de recuperación que se realizará durante o curso académico.**

## RESUMO INFORMATIVO

<b>Materia</b>	LITERATURA UNIVERSAL		
<b>Docente</b>	ÁUREA MARÍA PENAS ROIBÁS		
<b>Curso/Grupo</b>	1º BAC	<b>Ano académico</b>	2023-24
<b>Contidos</b>			
<b>1º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Da Antigüidade á Idade Media: As mitoloxías e a orixe da literatura.</li> <li>▪ Renacemento e Clasicismo:             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Os cambios do mundo e a nova visión do home durante o Renacemento.</li> <li>– A lírica do amor: o petrarquismo. Orixes: a poesía trovadoresca e o Dolce Stil Nuovo. A innovación do Cancioneiro de Petrarca. Lectura e comentario dunha antoloxía lírica e dalgún conto da época.</li> <li>– A narración en prosa: Boccaccio.</li> <li>– Teatro clásico europeo. O teatro isabelino en Inglaterra. Comenzo do mito de Fausto dentro da literatura. Lectura e comentario dunha obra de teatro clásico. Observación das relacións existentes entre as obras de teatro clásicas e as obras de diferentes xéneros musicais e cinematográficos que xurdiron a partir delas.</li> </ul> </li> </ul>		
<b>2º Trimestre</b>	<p>Relacións entre obras literarias e o resto das artes. A segunda metade do século XIX:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Da narrativa romántica ao Realismo en Europa. Literatura e sociedade. Evolución dos temas e as técnicas narrativas do Realismo. Principais novelistas europeos do século XIX. Lectura e comentario dunha antoloxía de fragmentos de novelas realistas.</li> <li>– O nacemento da gran literatura norteamericana (1830-1890). Da experiencia vital á literatura. O renacemento do conto. Lectura e comentario dalgúns contos da segunda metade do século XIX.</li> <li>– O arranque da modernidade poética: de Baudelaire ao Simbolismo. Lectura dunha antoloxía de poesía simbolista.</li> <li>– A renovación do teatro europeo: un novo teatro e unhas novas formas de pensamento. Lectura e comentario dunha obra.</li> </ul> <p>Observación das relacións existentes entre as obras literarias deste período e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.</p>		
<b>3º Trimestre</b>	<p>Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos (de xénero, clase, crenzas, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Os novos enfoques da literatura no século XX e as transformacións dos xéneros literarios:             <ul style="list-style-type: none"> <li>– A crise do pensamento decimonónico e a cultura de fin de século. A quebra da orde europea: a crise de 1914. As innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a súa influencia na creación literaria.</li> <li>– O teatro do absurdo e do compromiso. Lectura dalgunha obra representativa destas correntes dramáticas.</li> <li>– A culminación da gran literatura americana. A xeración perdida.</li> </ul> </li> </ul>		



<p><b>Obxectivo</b></p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Facilitar o desenvolvemento do individuo como lector competente, capaz de comparar textos literarios de distintas épocas e autores, e de descubrir neles recorrencias temáticas, así como semelanzas ou diverxencias expresivas. Deste xeito, o alumnado ha aprender a transferir os seus coñecementos, relacionando o contido e as formas de expresión dunha obra literaria co contexto histórico e cultural no que se inscribe, o que ha favorecer a aprendizaxe autónoma.</li> <li>➤ Distintas unidades didácticas apoiarán este obxectivo: <ul style="list-style-type: none"> <li>A poesía lírica e a canción</li> <li>A literatura biográfica, a realidade ficticia e a narrativa existencial</li> <li>Dialogar cos demais: o teatro</li> <li>Mundos imaxinados: mitos, utopías, distopías e ciencia ficción</li> <li>Mundos observados: o conto e a novela</li> <li>Mundos de evasión: a literatura de aventuras, a novela policíaca e a literatura de terror</li> <li>Mundos en imaxes: o cómic e o cine</li> <li>A arte como compromiso: a literatura de ideas</li> <li>O ser humano, os animais e a natureza na poesía, a narrativa e o ensaio</li> </ul> </li> </ul>
<p><b>Metodoloxía</b></p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Partindo dos coñecementos previos cos que xa conta o alumnado, proxectados nas actividades da avaliación inicial, do coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no mesmo, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.</li> <li>➤ Lectura de textos curtos atendendo fundamentalmente á comprensión e estudo do vocabulario. - Elaboración de sínteses, identificando as ideas principais e secundarias. - Comentario de textos - Resolución de exercicios coa aplicación de coñecementos. - Memorización comprensiva. - Resolución de dúbidas. - Elaboración individual e colectiva de traballos de indagación e investigación. - Lecturas de libros axeitados ao nivel.</li> </ul> <p>A forma de traballo será tamén variada, ben individual ben en grupos ou parellas, dependendo da actividade.</p>
<p><b>Proceso de Avaliación Ordinario</b> (Ferramentas, procedementos, etc.)</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ A cualificación de cada avaliación será numérica (de 0 a 10 puntos) e responderá ás seguintes porcentaxes:</li> <li>➤ - Probas escritas contidos: 50% . Farase polo menos, un exame por avaliación. Neste exame establecerase unha penalización máxima por erros no uso da lingua de 2 puntos (sobre 10) (Moi graves: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0'20 puntos c/u. Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica... Desconto 0'10 c/u. Leves: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0'05 puntos c/u.) <b>SERÁ NECESARIO OBTENIR UN MÍNIMO DE 3 PUNTOS (SOBRE 10) NESTE APARTADO PARA APROBAR A MATERIA.</b> De facerse máis dun exame, a nota será a media dos exames, sendo necesario obter o mínimo de 3 puntos (sobre 10) EN CADA UN DELES para facer a media co(s) outro(s). De non acadar este mínimo tampouco se sumarán o resto das cualificacións (produtos, observación) e suspenderase a materia, adoptando as medidas correctoras oportunas. Deberase indicar en cada pregunta o valor numérico da mesma.</li> </ul>

- - Produtos (traballos, control de lectura obras, etc.): 40%.. Puntuarase tamén a corrección da lingua segundo o dito anteriormente, co límite máximo neste caso de 1 punto (sobre 10). Indicarase tamén o valor numérico da(s) pregunta(s).
- - Observación: 10 %. Valorarase a expresión oral, a realización dos exercicios ou traballos propostos, a asistencia á clase, o traballo na aula, a atención, a actitude positiva, e o respecto do alumnado cara a materia, o grupo e o profesor.

### Lecturas obrigatorias e recomendadas

- 1) Giovanni Boccaccio, tres contos d' *O Decamerón*: - I, 3, «O xudeu Melquisedec e o sultán Saladino...». - III, 10, «Alibech faise ermitá, e o monxe Rústico ensínalle a meter o demo no inferno...». - X, 10, «O marqués de Sanluzzo e Griselda...».
- 2) Elección entre William Shakespeare (*Romeo e Xulieta*) Ed. Galaxia ou Molière (*Tartufo*). Ed. Laiovento
- 3) Una selección dos seguintes poetas e poemas románticos: Samuel T. Coleridge («Kubla Khan, ou unha visión dun soño») e John Keats («Oda a un roiseñor» e «Oda a unha urna grega»).
- 4) *Mary Shelley (Frankenstein ou o moderno prometeo)*. Edit. Galaxia.
- 5) Gustave Flaubert (*Madame Bovary*). Ed. Galaxia
- 6) Unha selección dos seguintes contos do século XIX: Edgar Allan Poe («O corazón delator»), Guy de Maupassant («O colar») e Antón Chéjov («Vanka»).
- 7) Charles Baudelaire, *As flores do mal* (o comentario centrarase nos seguintes poemas: «O albatros», «Correspondencias», «Himno á beleza», «Invitación á viaxe», «A unha transeúnte», «O crepúsculo matutino», «A destrución» e «A viaxe [movimentos I e VIII]»). Ed. Galaxia ou *Herba abraiada*. Poemas de Emily Dickinson. Edit. Rinoceronte. 2019
- 8) Franz Kafka (*A metamorfose*) Ed. Sotelo Blanco
- 9) Virginia Woolf (*As Ondas*). Edit. Galaxia, ou (LUNS OU MARTES) tradución de Jorge Rodríguez Durán (**Bivir**)
- 10) Samuel Beckett (*Esperando a Godot*) Ed. Laiovento

### **Proceso de avaliación Extraordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)**

- Será unha proba escrita, e referirase á toda a materia do mesmo. Na proba indicarse a puntuación de cada pregunta.

### **Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación**

- - O alumno que non realice un exame na data fixada deberá presentar xustificante oficial para poder realizar o mesmo.
- - Empregar métodos fraudulentos na realización de probas, permitir que outros copien o seu traballo ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar resultados implicará a obtención automática dun cero (0) na proba correspondente.
- - Calquera proba gravemente ilexible ou mal presentada poderá non ser cualificada ou ser rebaixada na nota -

(Extracto da programación do departamento)